

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2009-2010 Titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior

Aprobado polo Consello de Goberno do 25 de marzo de 2009

1.- O período lectivo do Curso Académico comprenderá dende o 1 de outubro de 2009 ao 30 de setembro de 2010. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos.

2.- Actividade académica dos **planos de estudos estruturados en créditos**:

Duración (inclusive as datas mencionadas):

Primeiro cuadrimestre: dende o 1 de outubro de 2009 ao 27 de xaneiro de 2010.

Segundo cuadrimestre: dende o 23 de febreiro de 2010 ao 7 de xuño de 2010.

Probas de avaliación (inclusive as datas mencionadas):

1ª convocatoria ordinaria:

Primeiro cuadrimestre: entre o 29 de xaneiro e o 22 de febreiro de 2010.

Segundo cuadrimestre: entre o 8 ao 30 de xuño de 2010.

2ª convocatoria ordinaria (setembro): entre os días 1 e 16 de setembro de 2010.

Convocatoria extraordinaria de fin de carreira: entre decembro e xaneiro, segundo determinen os centros.

Entrega de actas:

1ª convocatoria ordinaria:

-*Primeiro cuadrimestre*:

-data límite de sinatura de actas ata o 10 de marzo de 2010.

-*Segundo cuadrimestre*:

-data límite de sinatura de actas ata o 16 de xullo de 2010

2ª convocatoria ordinaria (setembro):

- data límite de sinatura de actas ata o 30 de setembro de 2010.

Convocatoria extraordinaria de fin de carreira: ata quince días despois de finalizado o período de exames determinado polo centro.

3.- As actividades académicas docentes e os exames de tódolos planos interromperanse dende o día 21 de decembro de 2009 ata o día 8 de xaneiro de 2010 (ámbolos dous incluídos); os días 15 e 16 de febreiro de 2010 (Entroido); e dende o día 27 de marzo ao día 5 de abril de 2010 (ámbolos dous incluídos).

4.- A festividade de San Tomé celebrarase o día 28 de xaneiro de 2010, que será festivo na USC. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades dos centros coincidan en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximo; e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

5.- Son festividades dos centros as seguintes:

- **4 de outubro** (S. Francisco de Asís): Fac. de Veterinaria.
- **18 de outubro** (S. Lucas): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina).
- **15 de novembro** (S. Alberte Magno): Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias.
- **27 de novembro** (S. Xosé de Calasanz): E. U. de Formación do Profesorado.
- **8 de decembro** (Inmaculada): Fac. de Farmacia.
- **13 de decembro** (Sta. Otilia): E. U. de Óptica e Optometría.
- **23 de xaneiro** (S. Raimundo de Peñafort): Fac. de Dereito.
- **9 de febreiro** (Sta. Apolonia): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía).
- **24 de febreiro** (Xoán Huarte de S. Xoán): Fac. de Psicoloxía.
- **8 de marzo** (S. Xoán de Deus): E. U. de Enfermería.
- **9 de marzo** (natalicio do Padre Sarmiento): Fac. de CC. da Educación.
- **19 de marzo** (S. Xosé): Fac. de Ciencias Políticas e Sociais.
- **5 de abril** (S. Vicente Ferrer): Fac. de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas.
- **15 abril** (natalicio de Leonardo da Vinci): Escola Técnica Superior de Enxeñería.
- **22 de abril** (Día da Terra): Escola Politécnica Superior.
- **26 de abril** (S. Isidoro de Sevilla): Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia.
- **1 de maio** (Día do Traballo): E. U. de Relacións Laborais.
- **3 de maio** (Día da Liberdade de Expresión): Fac. de Ciencias da Comunicación.

6.- Cada Centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá facer unha adaptación deste calendario que, en todo caso, terá que facer pública, e comunicala á Secretaría Xeral da Universidade.

7. As titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de Grao e Máster tras o acordo da Xunta de Centro e comunicación á Secretaría Xeral da Universidade e ao Vicerreitorado de Oferta Docente e EEES.